

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 2 de xullo de 2021 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 14 de maio de 2021 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2021 (códigos de procedemento MR506A e MR506B).

Mediante a Orde do 14 de maio 2021 (DOG núm. 99, do 28 de maio) convocáronse para o ano 2021 as axudas á apicultura, que teñen por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas para o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura, en réxime de concorrencia competitiva (códigos de procedemento MR506A e MR506B).

O financiamento das axudas, recollido na orde de convocatoria no artigo 17, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713E.770.2 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, inicialmente por un importe de setecentos vinte e catro mil cento oitenta e tres euros (724.183 €). Esta axuda está cofinanciada polo FEAGA da UE ata un 50 %, polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación ata un 25 % e a porcentaxe restante pola Xunta de Galicia.

A orde prevé no punto 3 do seu artigo 17 a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria previamente á resolución do expediente se existe unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito con fondos adicionais. De acordo con isto, procede ampliar as axudas á apicultura por un importe de cincocentos setenta e cinco mil vinte e seis euros con noventa céntimos (575.026,90 €), sendo a suma total da dotación orzamentaria da convocatoria, despois da ampliación, dun millón douscentos noventa e nove mil douscentos nove euros con noventa céntimos (1.299.209,90 €).

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único

1. A dotación orzamentaria prevista para as axudas á apicultura convocadas para o ano 2021, de acordo coa Orde do 14 de maio de 2021 (DOG núm. 99, do 28 de maio),

CVE-DOG: n4rlu5y0-odd3-3xf2-8xc1-fp17h4esmf4



incrementase no importe de cincocentos setenta e cinco mil vinte e seis euros con noventa céntimos (575.026,90 €) da aplicación orzamentaria 14.04.713E.770.2.

2. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

3. A ampliación prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 14 de maio de 2021.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2021

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: n4rlu5y0-odd3-3xf2-8xc1-fp17h4esmf4

